



NOTA DE PRENSA

O PSOE DE LEIRO DENUNCIA O "SECTARISMO" DO ALCALDE AO EXCLUÍR Á OPOSICIÓN DA VISITA DA CONSELLERÍA

Os concelleiros Manuel Rodríguez e Pedro José González critican que o rexedor avisara a membros do goberno e da Entidade de Berán, pero ocultara a cita aos representantes socialistas.

Denuncian que o Alcalde confunde un acto institucional coa sede do seu partido, utilizando fondos públicos para facer "marketing de acólitos".

Leiro, 13 de marzo de 2026. O Grupo Municipal Socialista de Leiro manifestou hoxe a súa "indignación" ante o comportamento "antidemocrático e sectario" do Alcalde, Francisco José Fernández, con motivo da visita da Consellería para presentar as obras da Rúa Rey de Viana. Os socialistas denuncian que o rexedor organizou a visita "ás agochadas" da oposición, rompendo calquera principio de lealdade institucional.

"O Alcalde avisou con tempo aos seus concelleiros, aos membros do seu grupo de goberno e mesmo a representantes da Entidade Menor de Berán afíns ao seu partido, pero esqueceu deliberadamente avisar aos concelleiros do PSOE e ao noso vogal na Entidade", denuncian Manuel Rodríguez e Pedro José González. "Este xeito de actuar demostra que o Sr. Fernández non goberna para Leiro, goberna para os seus acólitos e confunde o Concello co seu club privado".

Falta de transparencia e respecto

Para o PSOE, este ocultismo non é un erro de axenda, senón unha estratexia política para evitar o control democrático. "Cando unha Conselleira vén a Leiro para anunciar un investimento de 240.000 euros, o acto é institucional e representa a todo o pobo. Excluír a quen representa a unha parte fundamental da veciñanza é un insulto á democracia local e aos cidadáns que nos votaron".

Dende o Grupo Socialista sinalan que esta "política de feitos consumados e segredos" é o modus operandi habitual dun goberno que prefire o marketing e a foto controlada antes que a transparencia. "Se o proxecto é tan positivo, ¿por que teñen medo de que a oposición estea presente? ¿Por que ocultan a información ata que sae publicada na prensa?".

Dignidade fronte ao marketing

Os socialistas lamentan que se utilicen recursos públicos para organizar actos que parecen "mítines de partido disfrazados de institución". "Os veciños de Leiro merecen un Alcalde que estea á altura do cargo, que respecte o protocolo e que entenda que a oposición tamén forma parte da corporación. Non imos permitir que se siga ninguneando aos representantes do pobo para alimentar o álbum de fotos do Partido Popular", conclúen.